

# O Sistema de asentamentos e as Infraestruturas básicas

<b>2.1. AS REXIÓNS E ÁREAS URBANAS NO MODELO TERRITORIAL DE GALICIA .....</b>	<b>112</b>
<b>2.2. VIGO-PONTEVEDRA. A REXIÓN URBANA DAS RÍAS BAIXAS .....</b>	<b>115</b>
2.2.1. Perfís urbanos e vocación supramunicipal .....	115
2.2.2. As claves da estratexia da Rexión urbana .....	120
2.2.3. Infraestruturas supramunicipais e de conexión exterior .....	121
2.2.4. Espazos para actividades innovadoras .....	125
2.2.5. O sistema verde da Rexión urbana .....	127
2.2.6. Iniciativas de articulación na Rexión urbana .....	128
<b>2.3. A CORUÑA E FERROL. A REXIÓN URBANA ÁRTABRA .....</b>	<b>131</b>
2.3.1. Vocación supramunicipal .....	131
2.3.2. As infraestruturas da Rexión urbana e de conexión exterior .....	137
2.3.3. O sistema ambiental .....	140
2.3.4. Os espazos industriais da Rexión urbana .....	142
2.3.5. Estratexias de renovación urbana e articulación territorial .....	145
<b>2.4. SANTIAGO DE COMPOSTELA. NODO DE CALIDADE URBANA .....</b>	<b>150</b>
2.4.1. Perfil urbano de Santiago .....	150
2.4.2. Infraestruturas de conexión global .....	153
2.4.3. A estratexia de competitividade internacional .....	153
2.4.4. A Cidade da Cultura: un espazo para a proxección internacional de Galicia .....	156
2.4.5. Coherencia na articulación do proceso de desenvolvemento da Área urbana .....	156
<b>2.5. OURENSE: UNHA CIDADE DE EQUILIBRIO .....</b>	<b>158</b>
2.5.1. Fortalecemento das infraestruturas .....	159
2.5.2. A fachada fluvial, o urbanismo e a paisaxe .....	160
2.5.3. Iniciativas de articulación supramunicipal .....	160
2.5.4. Espazos para a nova economía .....	161
<b>2.6. A ÁREA URBANA DE LUGO. UNHA CIDADE DE ENLACE .....</b>	<b>164</b>
2.6.1. Fortalecemento das infraestruturas de conexión exterior .....	165
2.6.2. Mellora da imaxe urbana e da calidade ambiental .....	166
2.6.3. Fortalecemento dotacional .....	166
2.6.4. Espazos para a nova economía .....	167

<b>2.7. O SISTEMA URBANO INTERMEDIO .....</b>	<b>171</b>
2.7.1. O papel territorial do Sistema urbano intermedio .....	171
2.7.2. Estratexias para o fortalecemento do Sistema urbano intermedio .....	171
2.7.3. Referencias territoriais para a articulación do Sistema urbano intermedio .....	172
<b>2.8. OS NODOS PARA O EQUILIBRIO DO TERRITORIO .....</b>	<b>187</b>
2.8.1. Significado dos Nodos para o equilibrio do territorio .....	187
2.8.2. Características dos Nodos para o equilibrio do territorio .....	187
2.8.3. Estratexias para o fortalecemento dos Nodos para o equilibrio do territorio .....	188
<b>2.9. O ESPAZO RURAL .....</b>	<b>190</b>
2.9.1. O modelo de asentamento .....	190
2.9.2. Os espazos rurais .....	200
2.9.3. Estratexias para o fortalecemento do espazo rural .....	203
<b>2.10. ARTICULANDO O LITORAL .....</b>	<b>209</b>
2.10.1. Centralidades no litoral de Galicia .....	209
2.10.2. O litoral, paisaxe de calidade (de identidade/excelencia) .....	210
2.10.3. O litoral verde .....	210
2.10.4. A Senda dos Faros .....	213
2.10.5. Espazos turísticos .....	214
2.10.6. Os Núcleos de identidade do litoral .....	219
<b>2.11. INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS DO MODELO TERRITORIAL: GALICIA EN REDE E VECTORES AMBIENTAIS .....</b>	<b>220</b>
2.11.1. As infraestruturas viarias .....	220
2.11.2. As infraestruturas ferroviarias .....	227
2.11.3. As infraestruturas aeroportuarias .....	229
2.11.4. As infraestruturas portuarias .....	229
2.11.5. Sistemas de transporte .....	232
2.11.6. Mobilidade alternativa .....	234
2.11.7. Infraestruturas e servizos de telecomunicación .....	235
2.11.8. Estratexias para o ciclo hídrico .....	237
2.11.9. Estratexias enerxéticas .....	241
2.11.10. Xestión de residuos .....	248
2.11.11. Solo empresarial e para actividades económicas .....	248
2.11.12. Os equipamentos na perspectiva territorial .....	250
2.11.13. Actividades e espazos para a innovación .....	253



Vigo. Rexión urbana Vigo-Pontevedra

## 2.1. AS REXIÓNS E ÁREAS URBANAS NO MODELO TERRITORIAL DE GALICIA

O espazos configurados ao redor das cidades de Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol presentan os trazos propios dos espazos urbanos afectados polo proceso de metropolitación, que neste caso, pola súa extensión e potencialidade estratéxica, deben ser consideradas como Rexiós urbanas bicéntricas.

Son Rexiós que teñen como característica máis destacada os intensos crecementos urbanos e demográficos que se produciron ao redor das cidades que as conforman, procesos que en moitos casos son más dinámicos que os das propias cidades centrais. Xéranse así ámbitos difusos pero fortemente interrelacionados, moitas veces con continuos urbanos que se superponen aos límites municipais, cunha crecente mobilidade interna e nos que se van configurando mercados únicos de vivenda e traballo e comportamentos sociais comúns.

Estes procesos de ocupación espontánea do territorio non teñen sido resultado dunha planificación coordinada, polo que aumenta innecesariamente a súa pegada ambiental. Constitúen na actualidade unha oportunidade para configurar

as Rexiós urbanas de maior rango e con maior capacidade para acoller equipamentos e servizos de alto nivel, impulsar procesos de innovación e dinamización económica e aumentar a proxección exterior de Galicia. Aínda que non existe unha correlación directa entre o tamaño e o rango urbano, as principais cidades constitúen os motores do desenvolvemento global do territorio que lideran. Configurar un soporte urbano que achegue masa crítica e densidade demográfica e produtiva en espazos dinámicos eficaces e atractivos é unha das grandes opcións de Galicia para o futuro. É unha opción esencial tanto para o desenvolvemento das Rexiós urbanas, nas que reside preto do 50% da poboación galega, como para o conxunto da Comunidade. As mellores oportunidades para o reequilibrio do territorio e para a dinamización dos espazos rurais residen, en gran medida, na capacidade de dinamización e de difusión dos procesos de desenvolvemento destas dúas Rexiós urbanas, cuxo principal papel virá definido pola súa capacidade de internacionalización, tanto no eido económico como no tecnolóxico, no cultural ou no do coñecemento.

Este proceso deixado ás súas propias dinámicas é difícil que poida acadar o devandito obxectivo; ademais non está exento de problemas e ineficiencias. Aparece un crecemento desestruturado, que dilúe a identidade da maior parte dos núcleos tradicionais, consome e transforma de forma irreversi-

ble o solo e a paisaxe e define unhas estruturas territoriais difusas e pouco eficaces, con espazos urbanos e industriais frecuentemente caracterizados pola mestura de usos pouco compatibles, a deterioración, a competencia depredadora entre municipios e a insuficiencia das infraestruturas para dar resposta ás necesidades de desprazamento da poboación.

Este modelo espontáneo de crecemento xerou importantes impactos no ambiente, na paisaxe e nos recursos non renovables. Certo que estes son problemas que afectan a case todos os espazos metropolitanos do mundo que, habitualmente, se desenvolven sobre territorios dinámicos fragmentados administrativamente. Trátase dun conflito que ameaza a sustentabilidade das cidades e os seus territorios. Agudízanse os procesos de segmentación espacial da poboación e redúcese seriamente a calidade de vida e o atractivo e a competitividade das zonas urbanas debido aos altos custos de conxestión e á redución da eficacia dos servizos e das funcións urbanas. E no caso de Galicia, dado que o crecemento se superpuxo, non sempre de maneira adecuada, a un contorno natural, cultural e paisaxístico de elevado valor, esta situación require unha acción de conxunto na ordenación territorial superando os límites municipais.

É evidente a insuficiencia do planeamento municipal, por si só, para acometer os grandes temas de estruturación territorial. A crecente mobilidade, as novas dinámicas económicas, sociais e urbanas, a aparición de elementos de nova centralidade no territorio ligados a grandes equipamentos e servizos innovadores, a xestión ambiental e dos espazos naturais, etc., son procesos cada vez más presentes na vida cotiá e que superan amplamente os límites administrativos dos municipios.


A estratexia das Directrices para a articulación das Rexións urbanas de Galicia oriéntase a corrixir e evitar estes problemas. As Rexións urbanas que propoñen as DOT son ámbitos de planificación territorial, de infraestruturas, equipamentos e servizos aos cidadáns con capacidade estruturante. Permiten, ao contemplar estes espazos complexos desde unha perspectiva global, optimizar a oferta de dotacións, equipamentos e servizos á poboación,

configurar sistemas de transporte orientados cara a unha mobilidade máis sostible e eficaz e racionalizar os procesos de desenvolvemento urbano e económico do conxunto de cada Rexión urbana.

Nesta formulación as principais pezas destes ámbitos supramunicipais (universidades, hospitais, aeroportos, portos e estacións de alta velocidade, os grandes equipamentos culturais e cívicos, os grandes sistemas de abastecemento e saneamento, os complexos administrativos...) deben concibirse como elementos de cohesión e de articulación do conxunto do espazo e como elementos de referencia para toda a Rexión urbana independentemente do municipio no que se localicen, e mesmo para o conxunto de Galicia.

A ordenación das Rexións urbanas, que poderá ser desenvolvida mediante os correspondentes Plans territoriais integrados de acordo coas orientacións das Directrices, pretende recuperar a calidade urbana e a identidade dos diferentes núcleos, preservar e mellorar a súa contorna ambiental e paisaxística, incrementar a sustentabilidade e fortalecer a súa oferta dotacional e de ámbitos de actividade. Trátase de pasar do modelo de crecemento baseado na mera agregación dos desenvolvimentos locais resultado da ocupación do territorio, a outro orientado a configurar un sistema urbano equilibrado e policéntrico que, en conxunto, defina un sistema supramunicipal máis integrado, sustentable, eficaz e atractivo ao redor dos nodos de Vigo, Pontevedra e A Coruña-Ferrol.

Pola súa parte as Áreas urbanas correspóndense cos ámbitos espaciais de maior contiguïdade en relación ás cidades principais. Son os ámbitos para a execución, partindo de criterios de flexibilidade, participación e voluntariedade, de políticas coordinadas de xestión pública dos servizos comunitarios de incidencia directa na calidade de vida da poboación. Nestes ámbitos poderanse realizar iniciativas de cooperación supramunicipal a través de entidades recollidas na lexislación local, tales como consorcios, áreas metropolitanas ou mancomunidades. Tamén serán os espazos susceptibles de ser ordenados mediante os seus correspondentes Plans territoriais integrados, co que será este instrumento o que delimitará o seu propio ámbito territorial.



Imaxes correspondentes á rexión de Vigo e Pontevedra. Voo aéreo de 1956-1957 e ortofoto PNOA 2008, respectivamente